

CANDÍS

Nº 18



Curso 2003/2004.



**C.P.I. "TOMÁS TERRÓN MENDAÑA"
SOBRADELO DE VALDEORRAS.**

EDITORIAL.

O dezasete de Maio celebramos, un ano máis, o Día das Letras Galegas. Nesta ocasión, lembramos un escritor moi particular. Foi unha persoa que procurou conservar nos seus escritos tradicións e costumes que nos caracterizan coma pobo. Atoparedes moitas imaxes deste home bo nas paxinas desta revista: ¿lembrares o seu nome ou o seu simpático alcume? Quizais xa o esquecesteis. Así é a nosa sociedade que xunta feixes de información que fan que o aconteceu o mes pasado pareza case prehistórico.

Porén, hai outra cousa sobre a que teño cavilado. Moitos deixaron de falar galego e iso amólame ben. Son aqueles que pensan que “pasou o día, pasou a romaría”; o galego vale para ler nese día sinalado, pero non para o resto do ano. Esta actitude tan común, leva a cavilar sobre a utilidade dun Día das Letras Galegas no noso tempo. Talvez non lle estamos a facer ningun favor á nosa lingua tratándoa como unha reliquia que amosamos e paseamos unha vez ao ano e despois gardamos na súa urna. Non usamos esa ferramenta, só ollamos para ela co agarimo que se ten por unha cousa vella. Lembrade o que dixo o músico Tino Vaz na súa actuación: “vós sodes os encargados de conservar e transmitir todos os tesouros que fan de nós un pobo particular, tan bo coma calquera outro”. E non hai tesouro máis grande que unha lingua propia na que falar e comunicar os teus pensamentos.

Índice.

Festas e conmemoracións:

Resumo das festas e conmemoracións.....	2 - 3.
O magosto.....	4.
25 anos da Constitución Española.....	6 - 7.
O Festival de Nadal en fotos.....	8 - 9.
Día da Paz: poemas.....	10 - 12
Celebramo-lo Entroido.....	14 - 17.
25 de Abril, día da Liberdade.....	19.
Letras Galegas: “Coplas de Maio”.....	20.
Letras Galegas: Xaquín Fernández Lorenzo “Xocas”.....	21.

Excursións e visitas:

Viagem a Portugal.....	24 - 25.
Convivencia de Infantil: Cholo e Nela en Trives.....	22.
Excursión a Gandario: “Flechazo en un campamento”.....	32 - 33.


As nosas creacións literarias:

La luna.....	1.
Cosas que hago con mi padre.....	5.
Cambiar de país. Publicado no III Certame artístico-literario de Vagalume.....	13.
Paseando polo pasado.....	18.
Óscar e Cristina.....	23.
A voda real.....	28 - 29.
A caza.....	30.
Memorias dunha árbore.....	30.
Facendo turismo.....	26 - 27.

Grandes inventos:

Todo nun comprimido.....	31.
O saboroso líquido negro.....	37.
Deportes.....	34 - 39.
De todo un pouco.....	40 - 42.
Pasatempos.....	43 - 45.

A



N H..

La luna sale por la noche. Brilla mucho y se ve muy bonita. Siempre que me voy a la cama me quedo mirando a la luna. Me encanta la luna. La luna está siempre quieta aunque, a veces, se mueve porque es muy preciosa. Tiene unos ojos azules muy bonitos y un cuerpo azul marino con estrellas. Unos labios de color rojo y un traje amarillo como las princesas. Tiene que ir a una fiesta por eso va tan chulita. Llega a la fiesta y todos los silbanos porque iba muy guapa. Le regalaron una corona por ser la mas bella y después le dijeron a la luna:

- Tu vas a ser la princesa.
- Gracias de todo corazón. Bueno, ahora me tengo que ir. Estoy muy cansada.

Y así acaba el cuento de la luna.

Beatriz Alijo Vega (14 años)
5º de Primaria.




DATAS ESPECIAIS

1º E.Prim.



21
Marzo

DÍA DA ÁRBORE






Aleas gularinas
AMÉNEIRO
ALISO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Y SUSTAINABLE DEVELOPMENT
MACROBIO 2004 Galicia


O dia 21 de Marzo celebrase en España o Día da árbore para que todos comprendamos que as árbores son moi importantes para a nosa vida porque producen oxíxeno, leña e frutos.

Os nenos e nenas do noso colexio plantamos dez árbores no campo de fútbol coa axuda dun garda forestal.



O dia 28 de Maio fomos a Ponferrada. Os nenos de 1º ciclo visitamos o parque dos bombeiros e subiron nas escaleras a Axelina. Xogamos coa espuma e ensináronos a apagar o lume.

Despois fomos a comer o xardín.




1º DE E. PRIMARIA

O magosto



O venres, dia 7 de novembro, pola tarde celebra-mo-lo magosto no colexio. Estivemos no patio. O director asou as castañas nun bombo ó lado do campo de fútbol.



Houbo xogos para todos os cursos.

Os de Infantil tiñan que encestar nun sombreiro mediterráneo colocado no arco dunha canastra. O profesor Manu mandoulle a flitor recoller as castañas que caían fóra.

Os de 1º e 2º de Primaria fisceron un xogo que consistía en levar tres castañas nun disco e ir camiñando por un circuito, ó chegar ó final tiñan que botalas dentro dun arco.

Os de 3º e 4º de Primaria levámos unha culler na boca cunha castaña, íamnos camiñando sobre uns zocos ata a meta.

O xogo de 5º e 6º era o "hockey castaña".

No noso xogo gañou Tore.

Oremos as xogos comímos-las castañas, bebimos coca-cola e bailamos unha canción Portuguesa.

Jennifer Alejandro 4º de Primaria

COSAS QUE HAGO CON MI PADRE


Trabaja mucho. Viene de trabajo. Baja al garaje. Arranca el tractor. Vamos a sacar el abono. Venimos de sacar el abono. Descargamos y nos ponemos a cargar piedras.

Fuimos por castañas a villa. Fuimos por el monte con el Land Rover. Bajamos a soberadero por monte alejado. Mi abuelo iba cargada de miedo cuando dijo mi madre que el coche se quedaba sin frenos y era mentira.

El sábado que viene vamos mi padre, Brais y yo a ver tres camiones a la cantería. Sabía mos va a montar en el cañón de viento veinte toneladas a Brais y a mí. Tenemos que bajar al banco.

Llegamos a casa. Nos pusimos a sembrar ajos y habas. Lavamos el tractor y fuimos a cenar.

Jose Antonio CID Montero (11 años - 4º de Primaria)



25 ANOS DE CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

Á morte do xeneral Franco – ano 1.975 – e tralo nomeamento de Don Xoan Carlos I como rei de España, este país comeza unha nova andaina no seu desenvolvemento como nación, coñecida como a **transición** cara a un rexime político democrático. Transición política que remata o 6 de decembro de 1.978 coa aprobación mediante un referéndum da denominada “Constitución Española de 1.978”.

A Constitución Española de 1.978 é o resultado dun amplísimo consenso entre todos os españoles e está plenamente integrada na tradición democrática occidental. A proclamación dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas, a división de poderes e a soberanía popular son o seu núcleo esencial. Do pobo español emanan todos os poderes dun Estado social e democrático de derecho, que adopta como forma de governo a Monarquía Parlamentaria. Unha das grandes novedades da Constitución de 1.978 é o recoñecemento pleno das Comunidades Autónomas, que ten servido para avanzar no proceso de descentralización política e administrativa.

A chamada “**Lei de leis**”, a lei – marco que regula todas as demás que se desenvolven ó seu amparo, recolle unha serie de principios de carácter xeral segundo os cales a nación española, desexando establecer a xustiza, a liberdade e a seguridade, e promover o ben de codos a integrar, en uso da súa soberanía, proclama a súa firme vontade de :

- Garantir a convivencia democrática .
- Consolidar un estado de derecho
- Protexer a todos os españoles e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, lingua e institucións.
- Promover o progreso da cultura e da economía
- Establecer unha sociedade democrática avanzada
- Colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas entre todos os pobos da Terra.

O texto da Constitución susténtase en dez grandes títulos onde se recolle todo o ordenamento xurídico que rexerá o noso convivir cotián. A través dos seus artículos establecécese que:

- España constitúese nun estado social e democrático de derecho.
- A soberanía nacional reside no pobo español ,
- A forma política do Estado español é a Monarquía Parlamentaria.
- A Constitución fundámese na unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españoles, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidaridade entre todas elas.
- O castelán é a lingua española oficial do Estado. As demás línguas españolas serán tamén oficiais nas súas respectivas Comunidades Autónomas

De entre os 169 artigos – todos moi interesantes e necesarios – imos fazer especial fincapé no artigo 27 relativo ós temas de educación, por ser o que nos afecta dunha maneira más directa. No mesmo recoñécese a liberdade de ensino e o dereito de todos os españoles á educación. Educación que terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais. O ensino básico será obligatorio e gratuito.

E para rematar, so nos queda, felicitarnos polo viséximo quinto aniversario da nosa Constitución.

C.P.I. Tomás Terrón Mendaña. Sobradelo . Carballeda de Valdeorras . Ourense

ALUMNOS/AS QUE FARÁN DE DEPUTADOS/AS:

- Lorelai Prieto Prieto..... PORTAVOZ DO GRUPO.
- Brais Gutián Castro..... MEMBRO DA MESA.
- Esther Martín González
- Héctor Martín González
- Marta Hurtado Feliz
- Eva Arias Otero
- Leticia Andreia Do Canto Ferreira
- Alejandro Álvarez Prada
- Lucía Alonso Robleda
- Vicente García Vega

ALUMNOS/AS QUE FARÁN DE PÚBLICO:

- Pablo Teijelo Cid
- Joel López Díaz
- Laura Calvo Corzo
- Victor M. Tato Vázquez
- J. Antonio Cid Montero
- Noelia Calvo Corzo
- Diego Vidal Vidal
- Pedro Amaro Valente
- Jennifer Alejandre López
- José Aitor Blanco Granja.

PROFESORES RESPONSABLES:

- Dn. Manuel A. Ovalle Asenjo.
- Dna. Avelina Tato Fidalgo
- Dn. Alfredo Gutián López

Opinión dos alumnos/as de 5º:

“O parlamento pareceunos moi bonito e moi grande. Ó sentarmos naquela sala representóuseños coma se fosemos deputados por un día. Foi para nós unha experiencia que nos gustaría repetir.”



Los más pequeños, diputados por un día


Sandra María Salgado, del colegio "Rogelio Yáñez" de Picouto, en Ramirás, sustituyó ayer a José María García Leira al frente del Parlamento gallego. Los alumnos de este centro

y los del CPI "Tomás Terrón de Mendaña", de Sobradelo, en Carballeda de Valdeorras, fueron los representantes de la provincia ourensana en un pleno especial de la Cámara auto-

nómica sobre el cuarto de siglo de la Constitución. Fueron los protagonistas y, ayudados por los conselleiros Celso Currás y Pilar Rojo, ejercieron su labor de pequeños diputados.



O Festival En Fotos



O noso centro celebrou o festival de Nadal o día 19 de decembro. Velaí os presentadores deste evento: Sandra e Bruno.



Os nenos e nenas de primaria fixeron unha representación do nacemento.



Tamén houbo cancións e bailes. Aquí vemos a este grupo de bailaríns que se moven con moita soltura.

Y estas rapazas que están a punto para a súa actuación... ¡Vamos ver un baile de moito copón!





Para cantar
como ves
pódelo facer
en portugués
ou en francés.



Coa música
hai que ter maña:
podes cantar sola
ou tocar en compañía.



Para machos,
machos...
iestes muchachos!



Os profesores
tamén puxeron
o seu graniño
e cantaron
unha panxoliña.



A PAZ

Sobradelo, xoves, 5 de Febreiro de 2004

Querida Paz:

¿Que tal estás? Con tanta guerra paréceme que estarás algo malinha.

Eu estou no colexiio de Sobradelo. Este novo é tranquilo.

Nós, os nenos ás veces non nos portamos moi ben:

- pegámonos cos compañeiroas,
 - dicimos palabrataz e insultámonos,
 - peleámonos cos nosos curmáis,
 - non obedecemos ós nosos pais,
 - no comedor berramos moito,
 - portámonos algo mal na clase,
- etc.

Prométiche que estes comportamentos van mellorar.

Ata o próximo ano.

Un salido.

(Esta foi a carta que limes no patio para conmemorar o "Día da Paz".)

Pedro Miguel Amaro - 4º de Primaria

O DÍA DA PAZ

la paz es bonita
la guerra es fatal
si tienes armas
tiradas ya.

Si la paz queremos
todos la conseguiremos
uniéndonos mas.

Si no quieres guerra
no te unas a ella
íñete a la paz.

La paz es un tesoro,
que tenemos que guardar.
Cuidado con las guerras
porque se puede escapar.
Vigílala a diario,
para poder descansar
pues si no la tenemos,
ya no podremos jugar.

Brais




Que en el mundo
reine la paz
que se muera el odio
y la maldad.

Que en el mundo
exista el amor
y que se muera el odio
y el dolor.

Podemos conseguir la tranquilidad
dejar el odio,
dejar el Terrorismo
y la oscuridad.

Conseguiremos el amor,
la tranquilidad,
que se vaya el dolor
y que reine la paz.
La vida nos la dio Dios,
nadie nos la puede quitar,
lo que el terrorismo quiere
nunca lo podrá alcanzar.

Lucía



5º C.

LA PAZ

La paz significa felicidad
y la felicidad significa amor.

La guerra es todo el odio que tenemos
dentro de nuestro corazón.
Con el amor y la amistad tu
tendrás un valle de felicidad,
para compartir y sonreir
con toda la sociedad.
Juntaremos nuestras manos
como hermanos
para ser solidarios con la gente
aunque sean de una raza diferente.

Vicente, 5º c.



Jugar, compartir, reír,
ayudar y amar.

Eso es la paz
para mí es la felicidad.

La paz es bonita
la guerra es muy fea
si tú tienes armas tíralas ya.
Pegar, reñir, pelear, robar,
eso es la guerra.
A mí no me gusta la guerra
prefiero la paz.

Marta, 5º c.

Se todos viviríamos en “paz” e harmonía
todo más bonito sería.

¿Por qué a paz e a xustiza non se cumplen?

Pobres nenos de 3º mundo ¡morren inocentemente!

E nós, os más ricos non lles damos nin tan sequera 1 euro, que para eles
sería un gran prato de comida.

Hoxe aproveitando que é o día da paz, recordamos ós más necesitados, que
para algúns non significan nada.

Recordade vós tamén este día; pensade nos más necesitados,
¡¡¡non lle deades parte á guerra!!!

Lorelai e Esther 6º.

CAMBIAR DE PAÍS

Cuando yo vine a España me sentía fatal porque no sabía hablar. Parecía tonto. Era raro cambiar de país y de idioma. Era muy difícil. Te sientes muy mal porque no conoces a nadie. Cuando me hablan, no entendía nada. Me sentía fatal. En ese momento quería ir a mi país. Yo me quería morir.

Quando aprendí a hablar un poco salí al parque a jugar a los caricaos. No había nadie. Quería tener amigos. Esperé hasta que vinieron Santi y Alejo.

- ¿Qué haces? - me preguntaron.

Y yo no les contesté porque esa palabra no salía lo que significaba. Pero como fui listo la fui a buscar al diccionario.

- Juguendo a los caricaos - les dije. - ¿Qué pasa? ¿Está prohibido?

- No. ¿No nosotros podemos jugar, porfa?

- Sí


Nos hicimos amigos en aquel momento. Yo estaba un poco mejor que antes y más feliz.

- Yo me marcho - dije.

Después fui para casa a leer un poco para aprender mejor a hablar. Cuando acabé de leer, salía un poco más

Un día que salía casi habló me puse muy contento. Más adelante, yo seguía estudiando hasta que aprendí muchas palabras. Yo no me lo creía porque era muy difícil. Me costó mucho.

Yo conocí a muchos niños y niñas. Y me sentí feliz y alegre. Y ya me querían todos y todas porque en media año aprendí a hablar en español. Era un fenómeno.



Ismael Bou Youcef (11 años - 5º de primaria)

O ENTROIDO.

O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas. Non se sabe con certeza cal é a súa orixe; algúns pensan que vén de tradición celta; outros afirman que os comenzaos desta festa se pode atopar na adoración a Baco ou Dionisos.

Coa chegada do cristianismo, moitas das festas paganas foron cristianizadas. Así, esta celebración que tiña poblemente o seu significado na despedida dos longos e duros días de inverno, mezclouse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma que escomenza o Mércores de Cinza.

A orixe das palabras que denominan a esta festa son:

- ⌚ “Carne Vale”: Adeus á carne. De aquí derivou a palabra Carnaval.
- ⌚ “Introitum” : Entrada á Coresma, da que vén a palabra Entroido ou Antroido.

O Entroido fai referencia a unha época de “carne”, tomando o senso literal da palabra. O Entroido quere significar, dende sempre, a volta do mundo ó revés, a subversión, a ruptura das conviccións sociais e o cambio de roles.

O entroido deste ano foi “especial”, xa que se celebra a voda real entre o príncipe Felipe e Leticia. Por iso, decidiuse que os disfraces xirarían ó redor deste tema. Así:

- Educación Infantil: ían disfrazados de frores.
- 1º e 2º de primaria: ían disfrazados de monaguillos.
- 3º e 4º de primaria: ían de cocíñeiro.
- 5º de primaria: ían de camareiros e reporteiros.
- 6º de primaria: ían de cupidos.
- Os de secundaria tamén se disfrazaron habendo moita variedade.
- Os profesores tamén participaron coa comparsa “A voda”, parodiando a distintas persoaxes de actualidade política e social, formando unha comitiva arredor dos noivos Felipe e Leticia.



Os profesores preparando a súa actuación.
Había moita iceria...
¿Por qué estarán a rir?

“A VODA DO PRÍNCIPE”

Benvidos á nosa festa
coa caderna vía
Un príncipe de España
Na tele presentaba

Eu chámome Felipe
Cala, Felipe, cala
Son a muller moderna,
É Leticia, con zeta

Veñen aí detrás
Dille quedo Sofía
Unha noiva coma esta
Xoán Carlos, devagar

Eu digo que esta moza
Así non teremos fillas
Di a duquesa de Alba
¡que case, que case!

Deixade paso todos
Gomina e laca no pélo
¿Has visto Josemari
Mucho peor que Anita

Mire usted, Ana Botella
Aquí en España
Gracias a este gobierno
España es Una, Grande

Miente usted, señor Aznar
Los socialistas somos
Españoles honestos
Lealtad y honradez

hoxe imos relatar
unha voda sen igual
cunha moza vén da man
o parte nacional.

príncipe desexado
que pareces amoucado
que presenta o telediario
fala e non dá calado

a raiña mailo rei
¡Ai Juanito, eu non sei!
imos ver se a aturarei
vai falar coma un rei

para o meu fillo vale bren
nin que fagamos cen
moi operada vén
porque anos xa os ten!

ó matrimonio Aznar
ben tesos van falar
la novia como va?
cuando fue al Escorial.

todo eso no es normal
ninguna cosa va mal
del Partido Popular
patria de libertad

sin mover el bigote
de los pies al cogote
que dejamos como dote
todo en el mismo lote

Eso dixo Maragall
Un señor tranquilo
Como o señor Rovira
Catalán republicano

La voda no m'agrada
Visca Catalunya
Cale señor Rovira
Por falar cos da ETA

Tolo separatista
Vas dereito cara ó fondo
¡Viva España, Galicia
Y señor ya no tengo

Tranquilo señor Fraga
Irmáns, imos rematar
¿Queres ti Felipe
Claro, non a desprezo

¿Queres ti Letizia
Sí, quero e espero
Pois se todos aceptan
Escoitemos agora

E esta foi a historia
Dexesamos ós noivos
Rematamos o conto
Se vos gustou un pouco

de zeta pe amigo
con socios moi finos
político seguido
hoxe metido en líos

jo soc republicà
i no pasarán
que agora preso está
imolo engaiolar

traidor, ruín e vil!
igualiño co Prestige
e o cocido de Lalín!
nada más que decir.

deixe pasar o cura
que a voda moito dura
esta muller tan pura?
pola pouca estatura.

este mozo galán?
que o príncipe non saia ra
os noivos casados están
o himno nacional.

dunha voda real
ledicia sen final
comece o entroido xa
aplaudide sen parar.



Héctor F.

**Os noivos e os invitados ó seu paso polo colexió.
¡Aquí hai de todo, meu!**

O ENRADO



De tódalas flores
estas son as más fermosas.

Con estos sacristáns...
¿Cómo vai ir mal a misa?



Os de segundo ciclo...
¡cociñeiro de calidad!



¡Que nervios!...
Ter que servir a noivos
desta categoría.
¿E se me cae algo
por riba deles?...

Os “cupidos” vanlle dar
un último namoramento
ós príncipes de Asturias.



Os de secundaria
tamén se disfrazaron.
Estas carautas... imeten medo!

Paseando polo pasado

Un día estaba eu no faiado da miña casa buscando obxectos antigos dos meus antepasados nun baúl. De súpeto, o baúl empezou a botar chispas de todas as cores, luces inmensas, raios transparentes..., asusteime, pechei os ollos e aparecín nun lugar estranxo.

Nese lugar non había case natureza, nin casas, nin poboados, nada de nada. Empecei a andar cando de repente parei, alguén estaba detrás de min. Dei a volta asustada e botei un berro, era un dinosauro, si, eses que se ven nas películas, pero en vivo e en directo. Empezoume a mirar coma se fora un bocadillo de chourizo. Entón botei a correr de tal maneira que, sen decatarme, caín por un cavorco; pensei que morría.

Cando recuperei o sentido, vin que estaba nun barco; non sabía qué facer. Levanteime e pregunteille a un home que rondaba por alí ónde estaba.. El era un home alto, con moito pelo na cara e a súa voz era rouca e con acento portugués. Contestoume que estaba a bordo da Santa María. Decateime que estaba a bordo dun dos barcos que conquistaran América. O home levoume a comer con eles, con todos os que ían no barco.

Aquel home contoume moitas fazañas que lle ocorreron e tamén me falou de Cristovo Colón, Fernão Magalhães..., pero non lle facía moito caso, porque tiña moita fame e estaba sorprendida por todo o que me estaba a ocorrer. Despois, leváronme a unha bodega para que descansara.

Cando entrei, ao lado da cama había un obxecto relumbrante; toqueino e, nun abrir e pechar de ollos, aparecín en Sobradelo, non na actualidade, senón 65 anos atrás, aproximadamente. Estaba no medio dunha feira inmensa, na que se vendían todo tipo de artiluxios, ata gando. De súpeto, chamoume a atención un espello bastante grande, que estaba nun posto de venda de cadros. Fun miralo e, naquel momento, no espello empezaron a saír imaxes do home que mandaba no país nese tempo, o dictador Franco. As imaxes parecían reais. Contaban o que aconteceu cando estalou a Guerra Civil, e tamén a pouca liberdade que este home deixaba á xente do país. Eu, horrorizada, seguín o meu instinto, fun ao sitio onde quizais puidera estar a miña casa, pero non estaba, senón que había un prado inmenso. Entón, senteime no medio do prado, pechei os ollos e volvino abrir; aparecín no meu faiado e, en fronte de min, o baúl.

María Xosé Teixeira Prieto
4º de ESO B

POESIAS DE ABRIL

Aconteceu há 30 anos. Rasgaram-se as trevas, apanharam-se os cravos e um povo oprimido reconquista a liberdade e vem à rua cantar, canções há tanto amordaçadas e proibidas. Aqui estão alguns poemas que fizeram ABRIL e que ainda continuam vivos na memória de todos os portugueses.

Música da Revolução

E nesta revolução singular, onde cravos foram simbolo e a música o código para uma nova era, Portugal cantou nas praças, nas ruas, nos campos que: "O povo é quem mais ordena, dentro de ti ó cidade..."

Grândola Vila Morena
Zeca Afonso

Grândola, vila morena
Terra da fraternidade
O povo é quem mais ordena
Dentro de ti, ó cidade

Dentro de ti, ó cidade
O povo é quem mais ordena
Terra da fraternidade
Grândola, vila morena

Em cada esquina um amigo
Em cada rosto igualdade
Grândola, vila morena
Terra da fraternidade

Terra da fraternidade
Grândola, vila morena
Em cada rosto igualdade
O povo é quem mais ordena

À sombra duma azinheira
Que já não sabia a idade
Jurei ter por companheira
Grândola a tua vontade

Grândola a tua vontade
Jurei ter por companheira
À sombra duma azinheira
Que já não sabia a idade

COPLAS DE MAIO



Vou cantar coplas de maio
dende o cole de Candís.
Agarrádevos, nenas e nenos,
que isto comeza así.

Este ano, meus amigos,
pasámolo de puro vicio,
porque fomos de excursión
con Berta, Miguel e Luisito.

Ao chegarmos da excursión
só recibimos sermóns;
sempe din que somos vagos,
pero é que estamos moi
cansos.

Con don Pepe, o profesor,
sempe recibimos broncas
porque o interrompemos moito
e pasámonos coas bromas.

¡Ai! Miguel, ¡ai! Migueloso,
a ver se cambias de
exercicios,
pois sabémoslos tan ben
como o mesmísimo Pai Noso.

O profesor de galego
mándanos ler e ler moito;
mais as nós xa nos aburre
todo o día o mesmo conto.

Nas clases de informática
que ben o pasamos sempre.
Traballando, cateando,
e perdidos pola rede.

E nas horas de recreo
moita é a risa que levo,
sempe facendo trasnadas
para ver quen ha pagalas.

A min, aquí no colextio,
téñenme moi controlada,
sobre todo don Luís;
non se fía de min nada.

Todos nós, meus
compañeiros,
imos cheos de ledicia,
pero non precisamente
pola voda da Leticia.


O alumnaso de cuarto
estache más que contento,
porque xa nos queda pouco
para saír deste centro.

E antes de rematar,
vouvos dar un bo consello:
se queredes aprobar
tendes que poñerlle empeño.

Xa vou rematar coas coplas
que estiven a cantar.
Un saúdo pra todos,
e a descansar pra mañá.

SANDRA RODRÍGUEZ DEL
RÍO
4º de ESO B

Letras galegas



O próximo 17 de maio celebramos un novo día das Letras Galegas, que constitúe unha das festas más importantes do noso país. Festexar a memoria dos nosos escritores e intelectuais é pretender que a nosa patria se identifica coa lingua, a lingua galega. Iso pensaron as persoas que en 1963 conseguiron organizar o primeiro día das Letras, ao cumplirse 100 anos da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía. Ese libro simboliza o renacemento cultural e político de Galicia, e foi publicado un 17 de maio hai máis de 140 anos.

Desde entón foron máis de 30 os autores homenaxeados e iso axudou a que as súas obras fosen recuperadas, difundidas e estudiadas. Claro que non todos eran poetas, novelistas ou dramaturgos. Debemos considerar que as letras galegas non son só a literatura. Para o noso idioma son tan importantes os poemas ou as novelas coma os estudios históricos, lingüísticos ou etnográficos. Este é o caso deste ano, o ano de Xaquín Lorenzo, coñecido popularmente como Xocas.

Xocas naceu en Ourense en 1907. Ali foi alumno de Otero Pedrayo e coñeceu moi novo a Risco e a Cuevillas. Todos eles foron os seus mestres e tamén os seus amigos. Consecuencia lóxica destas relacións foi a entrada no Partido Galeguista e no Seminario de Estudos Galegos, a gran institución científica creada polos nacionalistas nos anos 20. Nesa época ten clara a súa vocación, a de recuperar os elementos que considera esenciais para o ser galego, e vaise volcar en recuperar o pasado remoto (a arqueoloxía) e o pasado recente (folclore, etnografía), pero tamén se interesa pola lingua e a política.

Durante a guerra loita no bando nacional e resulta ferido e posteriormente dedicase ao ensino. No 51 ingresa na Real Academia e a partir deste ano realiza as súas obras más importantes: o documental *O home e o carro*, o tomo dedicado á etnografía material da *Historia de Galicia*, o *Cantigueiro Popular da Limia Baixa* e, como colofón, o Museo do Pobo Galego. Todas estes proxectos teñen o carácter de compendio da tradición popular galega e todas responden a un mesmo impulso: dar testemuña dun mundo que estaba a punto de desaparecer pola chegada dos tempos modernos a Galicia. Hoxe sabemos que as tradicións non morren coma se fosen persoas, e tampouco desaparecen sen máis, senón que se transforman e evolucionan. Xocas consideraba que os oficios tradicionais, as ferramentas, os labores agrícolas ou mariñeiros, as cantigas e refráns e os diferentes costumes da Galicia tradicional morrerían e el sacrificouse para que chegase ata nós. Por iso, a súa obra constitúe un monumento a un pasado do que todos procedemos e do que ainda formamos parte.

No noso centro, e para conmemorar esta data, fixérонse varias actividades:

MARATÓN DE LECTURA, que se levou a cabo o xoves 13 de maio e no que tódolos alumnos/as, tanto de primaria como de secundaria que quixeron, lerón durante uns minutos libros escollidos para esta ocasión:



PRIMARIA.

- 1º curso: "Maria a choromicas", de Elisabet Abeyá.
- 2º e 3º cursos: "Cancha e Chencho" de Irene García e Elisardo Barcala.
- 4º curso: "A árbore dos tres torondos" do Colectivo Crisol, Colección Contos Populares.
- 5º curso: "O gato Bógar" (Conto do nenó que non quería ser namoreiro) de Miguel Vázquez Freire.
- 6º curso: "Contos ó teléfono" de G. Rodari.
Biografía de Xocas.

CONCERTO DIDÁCTICO DE INSTRUMENTOS TRADICIONAIS, que se celebrou o dia 14 de maio coa actuación do músico galego Tino Baz.




SECUNDARIA.

- 1º e 2º cursos: "A casa da luz" de Xavier P. Docampo.
- 3º curso: "A xustiza pola man" de Rosalía de Castro.
"O brillo dos elefantes" de Fran Alonso.
"Pel de lobo" de Xosé Miranda.
- 4º curso: "Caixa de morto" de Anxel Fole.
"Para Habana" de Rosalía de Castro.
"A récordada" (fragmentos) de An Alfaya.

Tino Baz, nun momento da súa actuación.

un dia con cholo e Nela



MARIA




CRISTINA




OSCAR




CRISTHIAN




Óscar y Cristina




Óscar iba por el camino y se encontró con un tortuga.
Pensaba que era su casa.




Llamó por teléfono a Cristina.




Vino Cristina y jugaron con la tortuga.
Después fueron a pasear al parque.



Recogieron unas flores y se sentaron en un árbol. Despues fueron a beber a una fuente y comieron un pastel.



Cristina le contó un cuento a Óscar
y Óscar peinó a Cristina.
Óscar le dio comida a la tortuga.



Después vinieron del parque. Estaban cansados.
Se dieron un baño, cenaron y se fueron a la cama.

Alumnos-as de Ed. Infantil 5 años.

VISITA A PORTUGAL




Hélio 6.

Nos dias 6 e 7 de Maio fomos a Portugal numa Visita de Estado.

Foram várias as cidades que visitámos.


Foi um passeio espectacular e do qual sempre teremos gratas recordações.

CHAVES



Esta é uma ponte romana construída sobre o rio Tâmega.

Aqui existem umas termas. Estas têm as águas mais quentes - 73° - da Península Ibérica.



PENAFIEL

Seguimos para Penafiel e comemos ali num colégio.

A comida era boa!

Depois fomos à Quinta da Aveleda onde vimos um parque fabuloso e como se faz o vinho verde que é mundialmente conhecido.


PORTO

No Porto visitámos o Estadio do Dragão que é imponente. Aqui joga o F.C. PORTO que acaba de se tornar campeão da Europa. Também jantámos e dormimos num hotel na



Faz do DOURO e da qual viâmos o mar.

GUIMARÃES





No dia 7 fomos visitar o castelo de Guimarães onde viveu o nosso primeiro rei - D. Afonso Henriques.

PENHA

Ainda em Guimarães subimos no teleférico até à Penha.

Alguns de nós tivemos medo porque era muito íngreme.



BRACALÂNDIA

Finalmente chegámos ao local mais desejado por todos nós.

Aquí almoçámos e depois disfrutámos dos divertimentos aqui existentes e que tanta alegria nos deu.

Regressámos com pena de ter terminado mas com a certeza de que jamais esqueceremos estes dias.

Facendo turismo


AS MÉDULAS

Preto do noso Concello de Carballeda existen unhas minas da época da Hispania romana, situadas na comarca do Bierzo, ó sudoeste da cidade de Ponferrada, na provincia de León. Atópanse nas cercaníasda localidade de Carucedo, ó pé dos Montes Aquilanos (pertencente ó conxunto das serras dos montes de León). Constitúen unha insólita paisaxe de indubidable interese turístico. Toman o aspecto de montañas de carácter ruíniforme e cor vermella, como consecuencia da técnica extractiva emplegada polos romanos - chamada *ruina montium* -, que consistía na utilización de miles de escravos que destruíran o monte a partir dunha serie de subterráneos, desprazando terras despois de extraer o metal. Constituíron un dos primeiros atentados contra o medio ambiente, aínda que a súa explotación supuxo unha grande riqueza para o patrimonio imperial. Explotadas dende finais do século I a.c. e encadradas na provincia Tarraconense, dende o 74 a. c. A súa vixiancia correu a cargo da Lexión VII, estacionada no que na actualidade é a provincia de León. Durante os dous séculos e medio que foron explotadas por Roma, esta extraeu dela preto de 800 toneladas de ouro.

As Médulas

En febreiro de 1998 a UNESCO declarounas Patrimonio da Humanidade na paraxe formada polas antigas minas das Médulas, convertendo esta fermosa rexión onde se ubicaron, na primeira paisaxe europea que obtén esta distinción

David Álvarez Núñez (1º E.S.O)



O NOSO CONCELLO

No extremo oriental da provincia de Ourense, nos límites con León e Zamora , formando parte da Comarca de Valdeorras e ocupando unha superficie de 224,32 Kilómetros cadrados , atópase o Concello de Carballeda, sendo a súa capitalidade Sobradelo.


***A xeografía** do concello ven definida por dous factores : o encaixados cursos fluvias, principalmente dos ríos Casoio e Sil, e as elevadas serras que o enmarcan : Pena Negra (Pena Trevinca) e Pena Survia (Serra do Eixe).

A paisaxe vexetal está formada por monte baixo , con predominio de matorral, enciñeiras, sobreiras, abeleiras , soutos de castiñeiro, ademais dun frondoso bosque de teixos e outras coníferas.

***A economía** está determinada pola explotación da loxa. Actualmente expórtase a países de todo o mundo (Benelux, Xapón, Australia...). Están en activo 47 canteiras , funciona unha Escola de Colocadores de Pizarra no Centro Tecnolóxico da Pizarra. Tamén existen algunas plantacións de viñedos apoiadas na *denominación de orixe valdeorras*.

Macizo de Pena Trevinca


***A historia.** No concello asentáronse diversos pobos como os suevos, os romanos (que buscaron os aluvións auríferos do Sil), durante o medievo estas terras pertenceron a distintos terratenientes (descen-



dentres do Conde Froila Díaz, dos Condes de Lemos e finalmente dos Condes de Ribadavia. As súas xentes protagonizaron diferentes episodios na *Guerra da Independencia*, loitando contra os franceses baixo o mando do Abade de Casoio.

***Cultura, monumentos e turismo.** No noso concello destacan:

- *Os enterramentos dolménicos* de Lombo das Arcas que evidencia a antigüedad do poboamento.
- *A ponte medieval, a de Sobradelo*, construída con pedra vermella do país, ten sete arcadas e o seu arco central foi cortado durante a invasión francesa polo Abade de Casoio.
- *Os pilares da Pontóriga*, sobre o río Sil. *A ponte sobre o río Casoio*, dun só arco e construída con laxas de lousa, unía camiños secundarios da Vía XVIII.
- *A fachada plateresca da antiga igrexa de Casaio*, enmarcada entre dúas columnas estriadas, con medallóns de San Pedro e San Paulo nos ángulos e unha lenda alusiva a Virxe na parte superior, e que hoxe adorna a entrada ó cemiterio.
- Dende Carballeda pódese acceder ó *Macizo de Pena Trevinca*, que ofrece un dos conxuntos naturais máis interesantes, formados por fragas autóctonas e no límite coa A Veiga está o único bosque existente en Galicia de “Teixos” que pese o seu enclave nunha paraxe recollido, necesita medidas de protección.



Sobradelo. Ponte

***Festas:**

- *A Encarnación*, en Sobradelo, o luns seguinte A Pascua.
- *A Romería do Padre Eterno*, en Lardeira, celebrada o día da Santísima Trinidade. No santuario hai unha interesante talla triple, realizada nunha soa peza de madeira.
- *A romaría do San Xil*, en Casaio, o primeiro de setembro.





Sara Lopes da Silveira (2º E.S.O.)







Fotografías a orillas del río Sil en Sobradelo (Carballeda-Orense).



A Voda real
ra se unha vez unha noza que traballaba na TV.




Letizia




Príncipe
↑



O príncipe chamou mei namorada



O príncipe chamou mei namorada



AVOIDA, Real

cuando se conocieron decidieron casarse
na capital de Espana o 22 de Maio do 2004



Juanjo Vanesa Christian Alberth Dani Andrea

Daniel Elena David

A CAZA

Chámome Érica e teño 15 anos. Gustaríame falarvos dunha das miñas maiores afeccións, a caza.

No meu caso, áinda non podo levar a escopeta ó monte; na provincia de Ourense só podo participar en campionatos de tiro, ou ben en soltas de perdices, codornices, faisáns etc.. En cambio, na provincia de León si que podo participar en monterías de caza maior, onde imos moitas veces invitados por amigos do meu pai.

Este ano cumpro 16 anos e xa podo cazar nos cotos da nosa sociedade. Un dos mellores cotos que é o de Ponte, un lugar onde abunda a caza maior e sería o lugar idóneo para estrearme como cazadora matando unha boa peza para conseguir unha fermosa cornamenta.

Hai dous tipos de caza: caza maior e caza menor. No mes de maio comeza o "axexo", que corresponde á caza maior. Practícase sen cans e os cazadores van en parellas; un fai de guía e o outro de tirador. Este é o tipo de caza que menos me gusta.

Coa chegada de setembro xa se pode cazar cos cans, practicando as batidas a corzos, cervos, xabarís... sempre e cando estean autorizadas as correspondentes especies. Esta modalidade é o que máis me gusta, xa que sentes moita emoción cando escoitas os cans ladrar detrás da presa.

Para explicarvos mellor o que sente un bo afeccionado á caza contareivos como é un domingo de temporada.


Adoitamos erguernos ás seis da mañá para chegar con tempo ao lugar onde imos realizar a cacería. Cos ollos ben abertos, van chegando moitos compañeiros con ganas de comenzar a tarefa. Cando xa estamos todos, ás nove, partimos cara aos nosos postos. Unha vez todos colocados, dánlle saída aos protagonistas, os cans, sempre acompañados polos monteiros.

Pasado o mediodía xuntámonos todos para contar as anécdotas que nos aconteceron, e para comer. Xa comidos, partimos cara a outra nova mancha, desexando que se dea o mellor posible para todos.

Co solpor ímonos xuntando para contar as pezas mortas, ceamos todos xuntos e cada un parte cara a súa casa, cheos de ledicia e esgotados tras un longo día de caza.

ÉRICA REAL FERNÁNDEZ

4º de ESO B



MEMORIAS DUNHA ÁRBORE

Son un castiñeiro, teño cento dous anos e, inda que son moi xove, moitos dos meus compañeiros envéxanme por dar as mellores castañas da zona. Eu síntome feliz, e por iso me esforzo en dar as mellores castañas, para agradecerles aos meus donos o cariño que me dan e o ben que me tratan. Esfórzanse moito en coidarme e veñen dúas veces na semana a ver que tal estou. Pero os pobres xa van vellos, e sei que, cando eles non estean, aquí xa ningúén me vai coidar, porque nestes tempos que corren case ningúén se preocupa por nós, as árbores. Estarei sempre sucio, cheo de insectos e rodeado de herbas e silvas; as miñas ramas non darán ourizos. Acabarei morrendo coa pena de ver que ningúén me coida.

Este ano non creo que dea moi boas castañas, xa que estou bastante queimado. Hai un mes houbo un incendio moi grande na miña zona; eu perdín o meu irmán maior, o pobre tiña tan só cento cincuenta anos. A min non me ocorreu nada importante, só me queimei un pouco nunha rama, pero, por sorte, os meus donos estaban ao meu lado para axudarme. ¿Que será de min cando eles falten? A xuventude de hoxe xa non preocupa por nós coma a xente de antes.

Gustaríame que os humanos pensasen un pouco en nós e se desen conta de que nós tamén temos sentimentos e sufrimos.

Despídese de vós un castiñeiro que está moi deprimido polos tempos malos que se achegan para as árbores.

YÉSIKA CORZO VEGA

4º ESO B

TODO NUN COMPRIMIDO

Quizais a panacea, o remedio universal buscado dende os comezos da medicina.

Ou polo menos iso poderíamos deducir das últimas investigacións sobre o ácido acetilsalicílico, aquela substancia que os primeiros seres humanos pescudaban en raíces, cortizas e follas para calmar a dor e que hoxe inxerimos en forma de pastillas comercializadas baixo o popular nome de **aspirina**.

A aspirina forma parte do libro Ginnes dos Records, ten gañido un Premio Nobel e foi elixida como un dos cinco inventos imprescindibles legados polo século XX, xunto co automóbil, a bombilla, a televisión e o teléfono. Cada segundo que pasa a aspirina é consumida por 2.500 persoas en todo o mundo e calcúlase que teñen circulado ó redor de 350 billóns de comprimidos ó longo dos seus cen anos de historia.

Do salgueiro chorón ó laboratorio

O home busca incesantemente a forma de calama-la súa dor física, algo que nos primeiros tempos conseguía con raíces, cortizas e follas de diversas plantas.

Na Idade Media, debido ó emprego masivo dos salgueiros choróns houbo que lexisla-lo emprego da súa cortiza. Isto obrigou a sustituila por outras sustancias con efecto analxésico coma o opio.

No S. XVIII un pastor protestante chamado Edward Stone recuperou a utilización de extractos do salgueiro chorón. Para probar os seus efectos subministró a sustancia a un total de cincuenta pacientes con episodios de febre. O éxito do experimento foi rotundo, e a necesidade de dispoñer dste «antídoto» en cantidades ilimitadas e de privarla escaseza de fontes para a súa obtención, avivou o interese dos investigadores por identificar e sintetizar a sustancia curativa. Medio século despois un grupo de científicos alemáns, co farmacéutico Johan Buchner á cabeza, illaba no laboratorio o composto curativo presente no salgueiro chorón: unha sustancia amarelada á que chamaron salicilina. Dela obteríase posteriormente o ácido salicílico e, en 1897, o definitivo ácido acetilsalicílico.

No seo da industria Bayer da industria Bayer, adicada por entón á fabricación de tinturas e dalgúns fármacos, Hoffmann desenvolveu un novo método para obter ácido acetilsalicílico. Aquel po branco, transformado logo nun comprimido, foi comercializado como aspirina no ano 1899.

O segredo do seu éxito

A súa eficacia para combate-la dor e a febre converteron pronto á pastilla no medicamento más popular en todo o mundo, un título que segue ostentando na actualidade.

Mala a antigüidade da sustancia ata os anos setenta o uso clínico da aspirina limitouse, basicamente, a

aproveita-las súas excelentes propiedades analxésicas e antipiréticas. Houbo que esperar ata a segunda metade do século XX para comezar a coñecer a súa utilidade para combatir un amplo rango de patoloxías, entre as que se foron incluíndo ó longo do tempo enfermedades cardiovasculares, autoinmunes, neurodegenerativas e o temido cancro. Durante a década dos 80 consolidouse o uso da aspirina como anticoagulante ou antitrombótico. A aspirina conseguiu reduci-lo risco dun ataque ó corazón. Tan clara era a súa eficacia que, xa en 1985, a Administración Estadounidense para a Alimentación e os Medicamentos (FDA) facía público un anuncio histórico: os pacientes que xa tiñan sufrido algúun ataque ó corazón vián reducida a unha quinta parte o risco de sufrir un segundo ataque se consumían aspirina.

Novos usos para un vello fármaco

Actualmente os expertos consideran ó ácido acetilsalicílico como fármaco de elección cando se sospeita dun ataque cardíaco.

Mais alá deste milagroso efecto sobre o aparello circulatorio, e da súa demostrada utilidade como analxésico e antipirético, a aspirina continuou sorprendendo ós investigadores con novas accións sobre enfermedades relativamente novas.

É o caso dun estudio publicado en novembro de 2001 en *New England Journal of Medicine*, no que se desvelaba que a aspirina é tan efectiva coma os anticoagulantes orais para previr a embolia cerebral.

O papel antiinflamatorio da aspirina foi tamén redescuberto, e nos últimos tempos ampliáronse as súas aplicacións neste campo. Estudos recentes teñen demostrado o importante papel que podería xogar este medicamento para a prevención do cancro de próstata. A enfermidade de Alzheimer, tan preocupante para a poboación cada vez máis vella dos países desenvolvidos, podería tamén beneficiarse dos efectos da aspirina.

Inmersos xa no S. XXI, ainda que cabe esperar que se sigan facendo e descubrindo novos mecanismos e aplicacións da aspirina, especialmente, se temos en conta a conclusión dun estudio publicado en setembro do ano pasado en *The Journal of American Medical Association*, revelaba que a aspirina podería salvar 40.000 vidas máis en todo o mundo se se utilizase con máis frecuencia na prevención cardiovascular.

Os continuos descubrimientos sobre as aplicacións da aspirina, da que se realizan máis de 3.000 investigacións cada ano, son un claro exemplo de como vellos fármacos poden previr novas enfermedades totalmente novas.

Todo na nosa sociedade cambia de maneira vertiginosa, pero o medicamento por excelencia continúa sendo o mesmo: **A ASPIRINA**.

Flechazo en un campamento

Los días 24-25 y 26 de mayo los chicos y chicas de 1º y 2º de la E.S.O., marchamos de excursión a Gandarío. Salimos el lunes a las ocho y media de la mañana y llegamos allí a las once y media; como el otro colegio de Verín, no llegara nos dedicamos a inspeccionar el albergue. Cuando llegaron nuestro compañeros hicimos un juego que consistía en completar un puzzle, con piezas que teníamos cada uno. Así formamos diferentes grupos, estrellas, fucus, anémonas, nécoras, púlplos, etc. Ya fuimos conociéndonos un poco y fuimos a comer.

Por la tarde un grupo fuimos al puerto de Sada, mientras unos iban en barco a visitar las bateas, los otros quedamos en el puerto, mediante un juego , teníamos que reconocer la lonja, el lugar donde reparaban las redes, la fábrica de hielo, buscar todo lo imprescindible para poder embarcarnos para pescar.

El segundo día por la mañana nos tocó quedarnos en el albergue haciendo unos juegos y actividades, por la tarde fuimos al Acuario de la Coruña, allí vimos muchas clases de peces, diferentes tipos de algas, moluscos. Aprendimos cómo se alimentan, se camuflan, etc.



El tercer día mi grupo nos tocó ir al mercado de San Agustín de la Coruña para ver los precios del pescado y preguntar a las vendedoras, después fuimos a la playa de Santa Cruz de Oleiros para ver lo que la marea deposita en la playa en la intermareal.

Esto fue la parte instructiva, la parte lúdica fue lo más importante. Hicimos muchos amigos, bueno algunos más que amigos. Lo mejor fueron las actividades nocturnas, en las que estábamos todos los grupos juntos. El primer día en un juego estuvimos buscando diferentes objetos por todo el albergue , el segundo hicimos juegos en la playa. Pero lo mejor, venía por la noche en las habitaciones.




La primera noche dormimos solamente una hora y media, queríamos ir al otro barracón dónde estaban los otros chicos y nos estuvimos mandando mensajes por los móviles. La noche siguiente intentamos colarnos en la habitación de los de Verín; pero justo cuando ya estábamos abajo, la profe nos pilló, nos inventamos un montón de excusas ,por cierto; no se tragó ninguna! Los chicos nos miraban por la ventana imaginando la bronca que nos esperaba. No fue así la profe se partía de risa y estuvo

paseando por los pasillos por si se nos ocurría algo .A la mañana siguiente los chicos nos miraban con cara de decir ¡estas están locas!

Lo más triste llegó después de comer, la hora de las despedidas, que fueron duras. Había que despedirse, pero seguiremos teniendo comunicación unos con otros, mediante cartas, teléfonos.....

¡Y esperemos que nos volvamos a ver!



"atendiendo a la monitora"



"haciendo amigos"

alumnos 1º E.S.O.

DEPORTE ESCOLAR

CARREIRA DE CAMPO A TRAVÉS

Este ano só fixemos unha carreira e foi no Barco de Valedorras.

Fomos primaria e secundaria;

De primaria fomos: 3º, 4º, 5º e 6º.

Da E.S.O foron: 1º da E.S.O e algúns de 2º da E.S.O.

Corrimos por categorías sempre empezaban as nenas(feminino) e despois os nenos (masculino).

Os compañeiros que acadaron un mellor posto foron:

F: 1º Miriam – 5º Vanesa

➤ Benjamín: M:

F: 4º Beatriz

➤ Alevín: M: 2º Vicente

F: 6º Lorelai- 1º María José

➤ Infantil: M: 2º Kevin- 5º Alberto

F:

➤ Cadete: M: 2º Humberto- 5º Fran- 6º Davicín

(Esther e Lorelai – 6º Primaria)



TORNEO DE FÚTBOL DE PRIMARIA

Durante este curso celebramos un torneo de fútbol onde participamos os nenos de primaria. Este torneo tivo lugar no mes de Maio no noso colexio. Neste torneo participaron catro equipos. O torneo fixose en forma de liguilla. Na final estiveron os dous que máis puntuación tiveron. A final foi o día 26 de Maio. Os equipos estaban formados por 6 xogadores. No equipo "A": Pablo, Víctor, Eva, Esther, Diego, Cristian e Pedro. E ó equipo "C": Ismael, Joel, J.David, Laura, Aitor e Lorelai. O gañador foi o equipo "C" que conseguiu gañar despois dun empate e unha ronda de penaltis moi discutida.

(Brais e Alex – 5º de Primaria)



EQUIPOS FINALISTAS

EQUIPO GAÑADOR



O CAMPIONATO DE FÚTBOL DE PRIMARIA

Este ano foi moi divertido. Fixemos un campionato de fútbol e foi moi gracioso. Uns perderon e outros gañaron, pero o importante foi participar. Todos tivemos un entrenador, que foron 4: para o equipo A, Marco; para o equipo B, Bruno; para o equipo C, Pedro; e para o D, Oscar (Piollo). Os 4 de 4º da E.S.O.

Mentres que os nosos compañeiros de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º xogaban, nos mirabamos e os animábamos.

A todos lles gustou moito o campionato.

Tamén houbo árbitros que durante os días foron entrenadores.

A maior derrota foi a de o equipo de Ismael a Brais. Quedaron:

5-2.

Logo o equipo de Pablo contra ó de Vicente: 2-0.

O primeiro día do campionato tocounos xogar ó equipo A contra o D.

Eu (Esther) estaba moi nerviosa porque nunca me vira xogar tanta xente.

Cando rematou o partido todos deronnos a noraboa, polo ben que xogamos e por gañar.

O equipo ganador foi o C, e o A quedou subcampión.

(ESTHER E LORELAI 6º primaria)



O SABOROSO LÍQUIDO NEGRO

En 1880 un coronel do exército do Sur dos EE.UU chamado John Pemberton, químico farmacéutico de Atlanta



(Georgia) e morfinómano emperdido como consecuencias das feridas recibidas durante a Guerra de Secesión, rexistrou oficialmente un viño de coca, tónico e estimulante ideal, sobre a base da bebida de follas de coca de Angelo Mariani, fundando logo a *Pemberton Chemical Company*.

Pemberton tivo que modificar a mestura do Dr. Mariani para rexistrala de acordo coas medidas prohibicionistas daquel entón. O pai da bebida más estimulante engadiulleunhas esencias aromáticas, xunto con noz de cola, un fruto africano cun alto contido en cafeína e quitoulle o compoñente alcohólico.

Así, con todos estes productos, a farmacia de Jacobs en Atlanta puxo á venda o primeiro vaso de Coca Cola no mes de maio de 1886.

En 1873 o Sr. Asa G. Candler chega a Atlanta e mércalle a fórmula do tónico ó Sr. Pemberton por 2.300\$. Candler e mailo seu irmán estaban convencidos de que unha axeitada publicidade permite vender calquera cousa. Quince anos máis tarde, xa fundada a *Coca Cola Company*, dispoñían dun capital de 50 millóns de dólares.

En 1915 apareceu a coñecidísima botellíña de vidro actual. O seu deseñador foi Alexander Samuelson que se inspirou nunha semente de coca (¿ou -por equivocación- de cacao?). As cores se cre que representan ó pavillón nacional.

Na actualidade a Compañía Coca Cola emprega follas de coca na súa fórmula 7 X, áinda que - jasí se di! - as follas importadas dende Perú e Bolivia a EE. UU (a cantidade queda entre as 300 e 1000 Tm por ano) baixo (!) estricto control da DEA, pasan por un proceso de descocainización, sendo logo adquirida pola Compañía Coca Cola para a elaboración da bebida. O destino da cocaína, apartada da folla, é moi dubidoso e debatido; segundo certas fontes acaba sendo exportado a Europa, para fins farmacéuticos e terapéuticos (?).

A fórmula 7 X, ata hai pouco, era *o segredo industrial mellor gardado do mundo!*. Parece que só tres químicos tiveron o coñecemento da fórmula: Un xa faleceu en 1979, e os outros dous, Orville May e Roberto Goyzueta, nunca viaxaban nin viaxan xuntos, por non correr o risco de percer á vez, levándose á tumba un segredo tan precioso.



Recentemente o devandito segredo foi desvelado no libro «*Deus, Patria e Coca Cola: a historia prohibida da bebida más famosa do mundo*» do escritor americano Mark Pendergrast. A fórmula contén: citrato de cafeína, extracto de vainilla, aromatizantes (laranja, limón, noz moscada, canela, culantro, etc), ácido cítrico, zumo de lima, azucré, auga e ... E.F.C. ... o que seña Extracto Fluido de Coca... ¡da mellor calidade!

Debido ó seu poder a Compañía Coca Cola acada, dende

1972, a autorización para a libre circulación dun extracto saborizante, elaborado con follas de coca e descocainizado.

No artigo da Convención Internacional de Estupefacientes, feito a medida para Coca Cola di literalmente: «Poderase autorizar o uso de follas de coca para a elaboración dun saborizante que non conteña alcaloides e, na medida necesaria para tal uso, autoriza a producción, importación, exportación, posesión e comercialización da folla de coca». Parece imposible que a bebida quede totalmente exenta de alcaloides; é seguro que contén algo de cocaína, en porcentaxe inferior á dose permitida pola lei.

Moita xente cre que, hoxe en día, a Coca Cola xa non se elabora a partir da folla de coca, o que é falso, pois a Entidade do Estado para o control de alimentos e medicamentos (F.D.A.), si que atopou un producto resultante do metabolismo da cocaína, a ecgonina por un total de 0,0012 miligramos por botella.

Dedúcese que a Coca Cola segue eleborada con follas de coca, debido a un feito contundente e relativamente recente. A finais de 1984, o actual presidente da Compañía Roberto Goyzueta, propuxo ó anciano Robert Woodruff, presidente de honra e patriarca da Compañía un cambio na fórmula 7 X da bebida quitándolle o E.F.C., para poder competir con Pepsi Cola, que



cuestionaba a presencia ou non da cocaína na chispa da vida (ou sexa, a Coca Cola).

O gran vello deixouse convencer, pero deixou de comer e, ás poucas semanas faleceu, presentindo o desastre que se avecinaba. En 1985 lánzanse ó mercado a *Cherry Coke*, a *Coca Cola Diet* e a *New Coke*, todas rexeitadas polos consumidores americanos.

Fronte ás protestas en xuño de 1985, os dirixentes da Compañía deron marcha atrás e lanzaron ó mercado a Coca Cola Classic, ou simplemente Coke, segundo a antiga fórmula de Penderton, de 1886, na mesma botella deseñada por A. Samuelson, en 1915, levando na súa composición *extracto fluido de ... coca!*

Definitivamente, a *Patria, Deus e a Coca Cola* foran salvados polos consumidores norteamericanos.



ALUMNOS/AS -1º DE ESO

Euro 2004



UMA HISTÓRIA DE AMOR A LOVE STORY

em 10 estádios preparados para este evento.

Querem conhecê - los?

Reparem como são bonitos!

Quem nos dera poder assistir a um jogo em qualquer um deles.

Estádio Municipal de Aveiro

LOTAÇÃO: 30.000 lugares sentados

ARQ.: Tomás Taveira

JOGOS: Dois jogos da fase de grupos

Implantado na zona periférica da cidade - no denominado Parque da Cidade -




Estádio Cidade de Coimbra

LOTAÇÃO: 30.000 lugares sentados

ARQ.: António Monteiro

JOGOS: Dois jogos da fase de grupos



Este ano um acontecimento desportivo muito importante se irá desenrolar em Portugal.

É o "EURO 2004".

Desde o pontapé de partida, no ESTÁDIO do DRAGÃO - Porto que nós visitámos na nossa Viagem de Estudo no dia 6 - até ao apito final que será no Estádio da Luz - Benfica Lisboa o "EURO 2004" promete ser uma experiência fascinante e inesquecível para quem tiver a sorte de poder assistir. O "EURO 2004" vai realizar-se

Estádio Algarve

LOTAÇÃO: 30.000 lugares sentados

ARQ.: Damon Lavelle

JOGOS: Dois jogos da fase de grupos e um dos quartos-de-final



Estádio Municipal de Braga


LOTAÇÃO: 30.000 lugares sentados

ARQ.: Souto Moura

JOGOS: Dois jogos da fase de grupos

Projecto único

Projecto arquitectónico de particular beleza



Estádio D. Afonso Henriques

LOTAÇÃO: 30.000 lugares sentados

ARQ.: Eduardo Guimarães

JOGOS: Dois jogos da fase de grupos




Estádio Dr. Magalhães Pessoa

LOTAÇÃO: 30.000 lugares sentados

ARQ.: Tomás Taveira

JOGOS: Dois jogos da fase de grupos



Na terra do pinhal de Leiria, de onde saiu a madeira que serviu para construir as caravelas dos Descobrimentos

Estádio Alvalade XXI

LOTAÇÃO: 52.000 lugares sentados

ARQ.: Tomás Taveira

JOGOS: Três jogos da fase de grupos, um jogo dos quartos-de-final e uma meia-final



Grande estádio

Finalmente o desejo do Visconde de Alvalade está completo:

“Este será um clube tão grande como os maiores da Europa...”

Estádio da Luz

LOTAÇÃO: 65.000 lugares sentados

ARQ.: Damon Lavelle

JOGOS: Três jogos da fase de grupos, um jogo dos quartos-de-final e a final



É um dos maiores estádios do nosso país.

Estádio do Bessa Séc. XXI

LOTAÇÃO: 30.000 lugares sentados

ARQ.: Mário Moura

JOGOS: Três jogos da fase de grupos



Implantado numa zona urbana de referência na cidade do Porto a Boavista -

Estádio do Dragão

LOTAÇÃO: 52.000 lugares sentados

ARQUITECTO: Manuel Salgado

JOGOS: Três jogos da fase de grupos, incluindo o jogo inaugural, um jogo dos quartos-de-final e outro das meias-finais.



Jogo de abertura


Implantado numa zona urbana contígua ao actual Estádio das Antas, o novo estádio do FC Porto será o palco da cerimónia de abertura e do jogo inaugural do EURO 2004.

DE TODO...

O DÍA DO MAGOSTO NO COLEXIO.

Celebramos o magosto no noso colexio o día 7 de Novembro pola tarde. Fixemos uns xogos co profe Manu, comemos castañas e tomamos refrescos, cantamos unha canción coa profe Aida, titulada "Sao as castañas do castiñeiro"; foi moi bonita. Pintámonos a cara e pasámolo moi ben. Cando se acabou a tarde marchamos moi cansados de tanto correr e xogar cos nosos compañeiros. Cando volvemos o luns estaba todo o patio cheo de cascás de castañas. Ós poucos días recolléronas.

Brais e Álex, 5º c.



Los ciervos normalmente cuando son pequeños tienen otro color por ejemplo pueden ser rubios y con puntos blancos.

Si son machos tienen cuernos pero sólo cuando son grandes; si son hembras no tienen cuernos.

Los años se le pueden contar por las puntas de los cuernos y también por los dientes.

Los ciervos cuando nacen del vientre de su madre se levantan no como las personas que cuando nacemos tenemos que aprender a andar; pero todos los animales incluso los ciervos nacen y andan. En los 2 días siguientes andan mejor hasta incluso pueden correr.

A los ciervos les encanta las montañas pero sólo en verano, en invierno suelen estar entre los matorrales .

Los ciervos tienen las pezuñas abiertas como el jabalí, pero el corzo las tiene juntas, no como el ciervo y el jabalí.

Joel López Díaz 6º



... UN POUCO

O DÍA DA ÁRBORE.

Celebramos "o día da árbore" o 23 de Marzo; dous días máis tarde de previsto, porque coincidiu a domingo.

Tódolos alumnos de infantil e primaria fomos a plantar árbores.

Un señor de Medio Ambiente explicounos como tiñamos que facer.

Os buratos para plantar as árbores xa estaban feitos, nós só colocamos as plantas e logo tapamos as raíces con terra.

Plantamos varias clases de árbores: ameieiros, piñeiro e carballos.

A partir desa data terémolas que ir regar para que medren e alegren o noso campo de fútbol.

Lucía e Marta, 5º c.

La revancha del Barça

El domingo 25-4-04 a las 7:30 se disputó en el Santiago Bernabeu un gran partido entre el R.M y el F.C.B los cuales salieron con las siguientes alineaciones.

-Por el Real Madrid: Casillas , Salgado , Helguera , R.Bravo , R.Carlos , Figo , Beckham , Cambiaso , Solari , Zidane y Raúl.

- Y por el F.C.Barcelona: Valdés , Reiziger , Puyol , Oleguer , Van Bronckhert , Xavi , Cocú , Davids , Overmars , Ronadinho y Saviola.

En el transcurso del partido tuvieron altibajos. Al final el Barcelona se llevó la victoria por 1-2 y de esa manera obtuvo la revancha.

Era un partido muy importante porque era un derbi muy bueno, entonces los 2 equipos jugaron bastante bien.

Ahora veremos la expulsión de Figo:

Cuando Beckham sacó el corner, le pegó Figo de cabeza , lo despejó Valdés y tiró Zidane de volea y lo enganchó Valdés. Figo fue a protestar al linier , algo le dijo mal y el arbitro le sacó amarilla. La siguiente fue la entrada que le hizo a Puyol de plantillazo y le costó la 2ª amarilla y la expulsión.

El entrenador del Barça hizo un cambio inesperado: cambió a Saviola por Kluivert y a Overmars por Luis Enrique.

A la salida de Kluivert, en un ataque del Barça, le hace un pase Von Bronckhorst a Kluiver y Kluiver hace el empate de cabeza.

El siguiente gol viene de Ronadinho: le hace una vaselina a los defensas del Real Madrid y Xavi aparece en esa jugada y mete gol de vaselina a Casillas .

Y la victoria fue para el equipo azulgrana.

Pablo 6º

XOAQUIN LORENZO FDEZ



Xoaquín Lorenzo conocido como "Xocas" nace en Ourense en el nº 30 de la calle de la Paz el 23 de junio de 1907.

Muy unido a su hermano Xurxo, más pequeño que él, inicia sus estudios en su propia casa con su padre que se encarga directamente de su aprendizaje. Cursa el bachillerato.

Xoaquín solía pasar las vacaciones en Lobeira.

Estudia Filosofía y Letras en Santiago.

Cuenta que una vez fue herido en Villablino, (al N. de León).

En 1939 es nombrado profesor de Geografía e Historia.

En 1964 muere su madre. Desde entonces se vuelve mucho más tímido. Escribió revistas en Portugués, en distintas ciudades de Portugal.



Se le dedica el día de las Letras Gallegas de este año por ser un gran etnógrafo. Se interesó por conocer Galicia, sus comidas típicas, los oficios antiguos, etc.

Lorelai 6º


UN DÍA DE MEDO

Murça é un pobo grande preto de Vila Real, que celebra as súas festas o once de Xullo.

Con sete años eu era a nena máis feliz do mundo; miña madriña prometérame que me levaría á festa e que podía subir a tódalas atraccións.

Púxenme ben guapa e aló marchamos as dúas cara a festa. A atracción que máis me chamou a atención foi a do dragón. Subín nela máis contenta que pouco. Saudaba a miña madriña para que vira onde estaba.

Ata aquí todo estupendamente, o malo veu cando comezou a moverse. Agarreime forte. Un home disfrazdo de momia cunha luz vermella na man quería meternos medo a todos. A verdade é que a min nan me daba medo o que me daba medaba verdadeiro pánico era a velocidade que levaba aquel mostro. Dábame a sensación de ía saír



despedida, e xa sentía a dor en todo o corpo. Aqueles minutos fixérонse eternos, estaba segura que non ía saír de alí con vida. O meu estómago xa non podía más. As mans díanme de agarrarme tan forte á barra protectora. Todo o meu corpo era un. O estómago estaba na miña boca, a vista anubada. Aquello era a fin.

Pouco a pouco a velocidade foi diminuíndo. Sinceramente eu non sabía onde estaba. Unha inmensa nube branca arrodeábame.

-¡REGINA, REGINA!, estou aquí. -Era a voz da miña madriña.

Menos mal que me colleu no colo senón caio ó chan.

Xa pasaron dez anos e non teño volto a subir nunha atracción desas.

Regina Taveiro Ribeira - GS -

PASAR TIEMPOS

No ano 1963, a Real Academia Galega decidiu que houbase un "Día das Letras Galegas" para facer unha festa de cultura ó redor da memoria dun personaxe que escribise en galego e para homenaxear a todos os que traballaron e traballan para enriquecer a lingua e facer que esta siga viva e con capacidade creadora.

Escolleron daquela a data do 17 de maio porque é a que figura no libro *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro. O primeiro ano dedicáronollo a ela, a Rosalía; o segundo, a Castelao..., e, deste xeito, un a un foron pasando nestes corenta e un anos moitos dos mellores autores da nosa historia.

De seguido amosámose unha serie de escritores que nalgún momento estiveron relacionados con "Xocas". Relaciona o seu nome coa súa foto. Se tes algunha dúbida na revista atoparás a solución. Debes ler no lugar axeitado.



Vicente Risco

Ourense, 1884 – 1963


O porco de pé, Teoría do nacionalismo galego



Xoaquín Lorenzo Fernández

Ourense, 1907 – Lobeira, 1989

Etnografía: cultura material, Cantigueiro popular da Limia Baixa



Ramón Otero Pedrayo

Ourense, 1888 – 1976

Os camiños da vida, Arredor de si




Florentino A. López Cuevillas

Ourense, 1886 – 1958


Prosas galegas

Atopa oito diferencias nesta caricatura de "Xocas".



Busca nesta sopa de letras as respuestas que figuran ó final de cada pregunta.


- ¿Por cuntos pelos está cuberta a nosa cabeza? - **100.000**
- ¿De que cores pode ser o cabelo? - **Castaño, vermello, negro e roibo.**
- ¿Como se chaman os orificios polos que sae o pelo? - **Folículos capilares.**
- ¿Cal é a misión das uñas? - **Protexer.**
- ¿Como se chama o material do que están feitas as uñas? - **Queratina.**
- ¿Como se chama a pel externa da base das uñas? - **Cutícula.**
- ¿Onde temos a pel mais resistente? - **Nos pés.**
- ¿E a menos resistente? - **Nos párpados.**
- ¿Que eliminamos pola pel? - **Suor.**
- ¿Como se chaman as dúas capas da pel? - **Epiderme e derme.**



5º Curso de Primaria


¿SABES OS NOMBRES DOS POBOS DO NOSO CONCELLO?

Busca na seguinte sopa de letras os nomes dos pobos que pertencían ao concello de Carballeda de Valdeorras. Son vintedous, ten en conta que hai algúns deshabitado.



SOBRADELO
VILADEVQUINTA
A PORTELA
O TRIGAL
LARDEIRA
CASAIO
DOMIZ
CANDEDA
O ROBLEDO
CARBALLEDA
BASCOIS
CASOIO
PUSMAZÁN
SOUTADOIRO
RICOSENDE
SANTA CRUZ
RIODOLAS
VILA
NOGUEIRAS
PUMARES
SAN XUSTO
A MEDUA

Find the words



1º ESO Humberto Ricardo
Pinto Gonçalves

- Identifica nombres de animales

1- cat cat
2- siht _____
3- rdpiel _____
4- ouk _____
5- odg _____

- Find six temperature expressions.

VERY HOT RCOLD HAVXFREEZIN RWAARMOM
OvHOTREEEZING COOLVY HITOWXTMOM

- Find five JOBS:

TVXVTEACHERAVIATAPOLICEMANRXTNURSEBXTCAPLUMBERBABYVXSCHOOL.

- Rodea aquellas palabras que sean adjetivos.

<u>long</u>	happy	sad	pen	purple	short	red	old
cat	book	sister	tall	small	Rubber	scold	baby
orange	Schoolbag	young	student	Brother	big	teacher	
fat	blackboard	thin	ruler		blue		

1º ESO Adrián Blanco.



Espero que pasedes unhas boas
vacacións e que nos vexamo-lo
vindeiro curso. ¡Aburiño!

Héctor

XAQUÍN FERNÁNDEZ LORENZO
“XOCAS”